

Nota de Prensa

ANTE A PROPOSTA PARA A MODIFICACIÓN DA LOMCE PRESENTADA POLO MINISTERIO, ANPE DECLARA QUE NON RESPONDE Á REFORMA PROFUNDA QUE NECESITA O NOSO SISTEMA EDUCATIVO

O documento que desenvolve estes puntos foi publicado na web do Ministerio para ser sometido a consulta pública, e contén nove puntos onde detallan os obxectivos do próximo anteproxecto de lei orgánica de modificación.

Onte O Ministerio remitiunos un documento máis amplo onde desenvolve estas modificacións que son basicamente unha volta á LOE. **ANPE esixe o debate destas propostas na Mesa de Negociación do persoal docente contando coa implicación e participación do profesorado.** Esta proposta é basicamente unha volta a LOE . **Asistimos a unha de tantas reformas que se sucederon e que só comporta cambios legislativos superficiais sen unha reforma profunda e necesaria.** Para ANPE os temas pendentes a abordar son:

- A vertebración e a cohesión do sistema educativo, isto afecta entre outras cuestións á definición dos contidos básicos e comúns, á regulación e o dereito do castelán facéndoo compatible coas demais linguas vernáculas, á propia regulación dos corpos docentes; en definitiva, regular un marco competencial básico no que estean perfectamente definidas as atribucións do Estado e as das CCAA, para que non se resinta o principio de igualdade e de cohesión social en todo o territorio nacional.
- A redución do fracaso escolar mellorando o rendemento dos alumnos e como consecuencia mellorar a calidade da educación. Abordar con seriedade o problema do fracaso escolar esixe garantir a cohesión do sistema educativo, un modelo de esixencia e responsabilidade, reforzar na educación primaria as materias instrumentais, potenciar a Formación Profesional e a coordinación entre os distintos tramos educativos.
- Abordar a situación do profesorado e o seu futuro profesional, dando resposta ao deseño da profesión docente nun dobre aspecto, establecendo unha Lei da profesión docente e, doutra banda, cun Estatuto da Función Pública Docente que recolla e desenvolva a carreira profesional docente, desde o ingreso á función pública docente ata a xubilación. Un Estatuto tantas veces prometido e incumprido en todas as legislaturas precedentes.

Esta semana tivo lugar o foro de expertos titulado 'Educar para o século XXI. Desafíos e propostas sobre a profesión docente', organizado polo Ministerio. ANPE esixe que o verdadeiro foro de debate que ten que expor o Ministerio é na Mesa Sectorial onde se atopan os lexítimos representantes dos docentes. Non se pode facer reformas para o profesorado sen o profesorado. O docente é a clave do sistema educativo é o profesorado, debe estar no centro das políticas educativas e a súa opinión ten que estar presente en todas as reformas. O PSOE abandonou a subcomisión do Congreso para abordar o pacto educativo porque a proposta de financiamento afastábase moito do pretendido 5% do PIB. Agora que está no Goberno é a oportunidade para recuperar este financiamento e apostar por este pacto educativo ou acordos de mínimos para promover aspectos fundamentais que sempre defendemos. **Se os cambios legislativos non veñen precedidos dun acordo de mínimos de carácter político, social e territorial, estarán abocados ao fracaso porque ante un cambio de goberno volvería introducir novos retoques que nos levarían, unha vez máis, polos camiños da incerteza e da inestabilidade.**